
Tilia cordata Mill., 1768

- tileiro de folla pequena, t. de folla miúda, lameira, tileira
- tilo de hoja pequeña
- ezki, ezki hostotxikia, eskiya
- tiller de fulla petita, tell de fulla petita
- small-leaved lime
- tília de folha pequena



DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Malvales**	**Malvaceae**	***Tilia***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Árbore de ata 40 m. Codia gris-apardazada, con cristas irregulares e avultadas. Pólas delgadas, vermellas brillantes. Gromos avermellados, con 2 escamas glabras excepto nas súas marxes, unhas moito máis grande cá outra. Follas de 3,5-7 × 3,5-7 cm, suborbiculares e asimetricamente cordadas na base, planas; dentes marxinais imperfectamente regulares e a miúdo sen puntas mucronadas. Envés liso e xeralmente verde glauco, con algúns pelos estrelados que caen axiña; persisten manchas bastante grandes de pelo cor ferruxe baixo as axilas das nervaduras principais. Brácteas florais de 4-9 × 0,8-1,7 cm, glabras. Inflorescencia erecta e sostida por riba da follaxe, xeralmente con 5-8 flores pero ocasionalmente con ata 30. Froito pequeno, de 6-7 × 4 mm, cunha densa cuberta de pelos castaños.

HÁBITAT

Bosques mixtos caducifolios de *Quercus* ou *Fraxinus* en ladeiras empinadas, cantís, barrancos, gargantas e en cumes de montañas. Pode crecer nunha gran variedade de tipos de solo. Atópase en estado salvaxe e en plantacións e xardíns.

DISTRIBUCIÓN

Moi estendida por toda Europa, Rusia e o Cáucaso, onde pode formar abundantes masas mixtas e, menos comúns, masas boscosas puras.

CURIOSIDADES

A súa madeira é forte e flexible, e ten unha estrutura regular e fina e unha textura uniforme de veta recta que é axeitada para o enchapado.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor